



## **BANDO**

---

### **Axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galicia**

---

D. Ramiro Moure Ansoar, Alcalde-Presidente do Concello de Taboada

#### **Informa:**

A Consellería do Medio Rural publicou a orde do 10 de marzo de 2011 (D.O.G. nº 53, de 16 de marzo de 2011), pola que se convocan as axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galicia.

#### **Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios os viticultores de Galicia - persoas físicas ou xurídicas, ou as súas agrupacións, e as comunidades de bens - que soliciten unha axuda á reestruturación e reconversión do viñado.

#### **Actuacións obxecto de axuda e importes de investimento:**

Estas axudas teñen por finalidade incentivar os plans de reestruturación e reconversión do viñado e poderán concederse para unha ou varias das actividades seguintes: reconversión varietal, reimplantación de viñas e melloras das técnicas de xestión do viñado. A porcentaxe de axuda sobre os investimentos será como máximo, do 75% no caso dos plans colectivos e do 63,75% no caso dos plans individuais.

A actuacións obxecto de axuda son: arrinca, preparación do solo, custos de cultivo, cambio de vaso a outro sistema de conducción, desinfección, eliminación de pedras, socalcamento, elevador, etc.

#### **Solicitude e prazo de presentación:**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde de convocatoria no Diario Oficial de Galicia.(DOG 16 de marzo de 2011)

Para máis información poden dirixirse ao Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Taboada.

Taboada, a 17 de marzo de 2011

O Alcalde